

A CORUÑA E O CONSUMO

Consumo Educa Coruña 2019-2020

OBRADOIROS

COORDINACIÓN:

OMIC. Oficina Municipal de Información ás persoas consumidoras

Sede: R/ Costa de laPalloza, 8 A Coruña 15006

Teléfono: 981 18 98 20

Fax: 981 18 98 21

Correo electrónico: omic@coruna.es

Páxina Web: www.coruna.es/omic

Coordinadora del Programa: Lidia M^a BlancoIglesias

Tenente de Alcalde Responsable da Área de Emprego e Economía Social: Eva Martínez Acón

DESCRICIÓN

A Oficina Municipal de Información ás persoas consumidoras (OMIC), dispón dunha ampla oferta formativa no campo do consumo. Dentro do programa “CORUÑA EDUCA” presentamos un conxunto de talleres prácticos que supoñen unha actividade dinámica, estimulante e formativa. Todas as actividades están dinamizadas por un equipo de educadoras/es especializadas/os no campo do consumo responsable e coa coordinación da OMIC.

Os diferentes obradoiros están organizados segundo as distintas etapas educativas; deste xeito, as persoas responsables da docencia poderán escoller aquelas actividades máis axeitadas ao desenvolvemento curricular correspondente.

Ademais, os talleres complementáanse con “Seminarios” para o equipo docente e Charlas para nais e pais de alumnos. Deste xeito toda a comunidade educativa participa no proceso de aprendizaxe en valores de consumo responsable.

OBXECTIVOS

O obxectivo da educación do consumidor é ensinar á cidadanía a destreza, a actitude e o coñecemento necesario para vivir nunha sociedade baseada no consumo. Trátase dun compoñente fundamental da educación xeral, o cal debería apoiar ás persoas consumidoras á hora de tratar de organizar as súas vidas cotiás dunha maneira sustentable.



oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



A educación ás persoas consumidoras proporciona o coñecemento necesario para concienciar á cidadanía en comportamentos responsables e intelixentes nas súas relacións de consumo.

Os numerosos temas sobre a educación para o consumo pódense abordar con practicamente todas as materias de ensino e plans de estudo tradicionais.

DURACIÓN E LOCALIZACIÓN

Cada taller ten unha duración aproximada de 60 minutos e desenvolveranse en horario lectivo. É preceptiva a presenza de persoal docente do centro durante o desenvolvemento da actividade. **No caso de non atoparse persoal do Centro Educativo non se realizará a actividade.**

A planificación das actividades realízase pola OMIC coa persoa responsable da coordinación deste programa do centro educativo, que deberá informar ao persoal docente da mesma

Os obradoiros poderán ser realizados nos propios centros educativos ou nas instalacións da OMIC da Coruña (R/ Costa da Palloza, 8).

1. ALIMENTACIÓN

1.1. Nutrición e dieta equilibrada

Obxectivos: Promover hábitos que fomenten unha alimentación equilibrada, unha dieta sa, variada e equilibrada que forneza todos os nutrientes nunha proporción adecuada, coa finalidade de conseguir unha alimentación equilibrada. Ensinarase a distinguir entre alimento e nutriente e a que coñezan as funcións de cada nutriente. Poñeranse exemplos de menús equilibrados e daranse as claves dunha alimentación sa e equilibrada. Tamén se analizará a pirámide da alimentación.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.





oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



1.2. Alimentos funcionais

Obxectivos: Coñecer este tipo de alimentos, as súas características, a súa orixe, a súa etiquetaxe e o marco legal. Tamén se analizarán as súas posibles vantaxes de forma que poidan valoralos no consumo habitual da súa dieta. Nos últimos anos, o interese da cidadanía por coñecer a relación entre dieta e saúde foi en aumento fomentando o uso deste tipo de alimentos.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

1.3. Etiquetaxe alimentaria

Obxectivos: Coñecer cales son e en que consisten os elementos mínimos e obrigatorios da etiquetaxe de alimentos e dos diferentes tipos de etiquetas que existen en alimentación. Analizásense diferentes etiquetas para ver a importancia destas e comprobaranse os diferentes elementos que forman unha etiqueta.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

1.4. A lista da compra

Obxectivos: Adquirir os coñecementos necesarios para realizar unha compra responsable de produtos de alimentación. Aprender a realizar un menú para unha dieta equilibrada considerando valores nutricionais, data de caducidade, a necesidade ou o prezo. Familiarizarse coa idea de planificación e entender a importancia de esixir o ticket de compra e comprobar que sexa correcto.

Destinatarios: alumnado Educación Primaria e ESO.





oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



1.5. Desperdicio de alimentos

Objetivos: Adquirir hábitos para evitar o malgaste alimentario, sensibilizando e concienciando ao alumnado na importancia de adquirir boas rutinas. Analizaranse as causas do malgaste alimentario, relacionadas coa perda de valor ambiental, cultural e económico dos alimentos.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

1.6. Alimentos ecolóxicos

Objetivos: Coñecer os produtos ecolóxicos e formar unha opinión obxectiva destes mediante a realización dunha análise comparativa. Traballaremos as bases dunha alimentación saudable, con pautas que nos permitan organizar o consumo de alimentos completos, sans e económicos.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.



1.7. Froitas e verduras

Obxectivos: Concienciar da importancia das froitas e verduras na alimentación diaria. Que o alumnado sexa capaz de analizar se a súa dieta é equilibrada respecto ao consumo destes alimentos.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.



2. CONSUMO CONSCIENTE, COLABORATIVO E RESPONSABLE

2.1. Consumo da auga no fogar

Obxectivos: Valorar e comprender a importancia do consumo responsable de auga. Coñecer a importancia da conservación e uso deste recurso e comprender a importancia de conservación deste medio e os impactos dun mal uso da auga. Tamén aprenderemos diferentes hábitos de aforro de consumo de auga no fogar.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

2.2. Don R que R: o xogo dos envases

Obxectivos: Coñecer os distintos tipos de recipientes que se utilizan para o envasado de produtos alimentarios e o custo ambiental de cada un deles. Informar o alumnado sobre a problemática dos envases, fomentando hábitos e actitudes positivas de fronte á reciclaxe e a reutilización de envases para evitar as consecuencias negativas.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

2.3. Consumo ecolóxico

Obxectivos: Practicar actividades que permitan coñecer a Educación Ambiental desde a óptica da recuperación das nosas tradicións e do coñecemento dos valores ambientais da nosa contorna.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos



2.4. Comercio xusto

Obxectivos: Comprender que é e en que se basea como nova alternativa de solidariedade baseada na procura dun modelo de relacións comerciais. Identificar os produtos de comercio xusto e a súa localización nas diferentes superficies comerciais.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

2.5. A banca ética

Obxectivos: Coñecer a banca ética, tamén chamada banca social, sustentable, alternativa ou responsable, e os beneficios sociais e ambientais que ten, así como os proxectos que financia.

Destinatarios: alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos.



oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



2.6. Comercio de proximidade

Obxectivos: Identificar os establecementos locais e os mercados explicando as principais vantaxes da compra neste tipo de comercio e a súa repercusión na economía das familias.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.



2.7. Economía Circular

Obxectivos: coñecer as diferenzas entre a economía lineal (tradicional) e os modelos de economía circular na que todas as fases de produción, consumo e eliminación de residuos coordínanse e fanse responsables para evitar o consumo excesivo de materias primas, así como a xeración masiva de residuos, conectando ambos extremos, convertendo os residuos en materia prima útil. Fomentar o coñecemento crítico do proceso de fabricación-consumo e promover actitudes cívicas a favor da economía circular.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

3. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS

3.1. Reclamar na OMIC

Obxectivos: Coñecer a estrutura e funcionamento das diferentes institucións de consumo en concreto a OMIC da Coruña. Coñecer as diferentes maneiras de reclamar e como facelo correctamente. Saber as diferenzas existentes entre as consultas, as reclamacións, as denuncias e a solicitude de arbitraje. Aprender a cubrir unha folla de reclamacións.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos



3.2. Os dereitos das persoas consumidoras.

Obxectivos: Coñecer os dereitos e deberes das persoas consumidoras e usuarios. Adoptar elementos de todo tipo que lles permitan situarse ante a sociedade como persoas consumidoras conscientes, críticas, responsables e solidarias. Adoptar decisións de compra responsable.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.



oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



4. PUBLICIDADE

4.1. Publicidade nos medios

Obxectivos: Analizar a evolución da publicidade nos medios, despertando no alumnado un sentido crítico para os estereotipos que se utilizan nos anuncios. Coñecer e facer análise do desenvolvemento uso e abuso da publicidade ilícita. Potenciar unha actitude positiva cara a análise crítica de calquera tipo de publicidade nos diferentes medios.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.



4.2. Os nosos sentidos e o consumo

Obxectivos: Coñecer os nosos sentidos mediante xogos interactivos. Coñecer, mediante xogos, as diferentes técnicas de merchandising que empregan a estimulación dos nosos sentidos para inducirnos a consumir.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

4.3. Publicidade “verde”

Obxectivos: Coñecer que é unha empresa “verde” nas súas prácticas ou na elaboración dos seus produtos. Explicar en que consiste o *Greenwash* ou *Greenwashing*, que consiste en vender o mesmo produto de sempre cun como a venda do mesmo produto de sempre cun “lavado de imaxe” que asegura o respecto ao medio ambiente, sen que o seu proceso de

produción teña cambiado ou mellorado, ou tendo en conta unha práctica illada que non ten impacto real no conxunto do proceso.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos

4.4. A publicidade dos alimentos

Obxectivos: Coñecer a regulación de toda a publicidade que vemos, oímos ou lemos sobre os distintos produtos alimenticios, para poder valorar a información sobre composición ou propiedades dos alimentos. Coñecer que son as declaracións sobre as propiedades nutricionais e saudables que a publicidade fai sobre os alimentos.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

5. COMPRAS SEGURAS

5.1. A seguridade dos produtos: material escolar

Obxectivos: Coñecer o material escolar, as súas características e cales son os adecuados para traballar. Identificar o material adquirindo hábitos e precaucións no uso de material escolar, para evitar danos tanto por toxicidade como por posibles danos de elementos mecánicos. Coñecer a etiquetaxe do material escolar e a información obrigatoria.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.



5.2. Comprar un xoguete

Obxectivos: Coñecer a etiquetaxe correcta, tanto no que respecta ás características do xoguete, como nas condicións de seguridade. Identificar xoguetes inseguros rexeitando aqueles que non traian indicacións de ningún tipo sobre as súas condicións de utilización. Coñecer as garantías e as súas características. Diferenciar os diferentes establecementos onde poder adquirir estes produtos.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria e ESO.



5.3. Seguridade no fogar

Obxectivos: Adquirir coñecementos sobre os perigos que se poden producir no ámbito doméstico, onde se produce o maior número de accidentes. Analizar os riscos da cociña e o baño como os lugares máis perigosos e de maior risco e as lesións máis habituais que se producen como traumatismos leves (golpes, caídas, cortes...), intoxicacións, queimaduras e afogamentos. Coñecer a información debe figurar nas etiquetas, fichas e pictogramas de seguridade dos produtos de limpeza para coñecer o produto e a súa utilización.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria e ESO.



oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



6. NOVAS TECNOLOXÍAS

6.1. Redes sociais

Obxectivos: Coñecer as redes sociais como instrumento de comunicación e interacción. Evitar as ameazas e riscos debidos ao mal uso destas. Como persoas consumidoras das redes sociais o alumnado debe adquirir hábitos para un uso responsable das mesmas. Analizaremos tamén o cyberbullying e grooming.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

6.2. Comercio electrónico

Obxectivos: Achegar ao alumnado unha análise dos produtos que poden comprar vía Internet. Analizar os puntos de venda dos produtos. Distinguir os sitios seguros dos que non o son. Analizar as técnicas de mercadotecnia que utiliza Internet para a venda de produtos. Comparar as distintas formas de pago dun produto e analizar as vantaxes e desvantaxes destas.

Destinatarios: alumnado de educación primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.



6.3. Seguridade na internet

Obxectivos: Coñecer as posibilidades que ofrece Internet para acceder a información, para o entretemento, a comunicación e mesmo a compra de calquera produto, e as dificultades e desvantaxes: o acceso a contidos ilegais, o illamento social como consecuencia dun uso abusivo deste medio, a posibilidade de ser vítimas dos chamados delitos informáticos, etc. Adoptar hábitos que ensinen ao alumnado para evitar os posibles perigos. Unha elevada porcentaxe destas redes son instaladas sen ter en consideración a seguridade, converténdose en redes abertas, sen protexer a información que por elas circulan.


Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos

7. OS MENORES E O CONSUMO

7.1. Construción de xoguetes

Obxectivos: Tomar conciencia de que para xogar non hai que ter necesariamente un xoguete novo. Ter unha actitude positiva cara a creación de xogos e xoguetes. Aprender a construír xogos e xoguetes a base de materiais de refugallo. Descubrir que fabricar xoguetes pode ser un xogo entretido, divertido e útil. Estimular a imaxinación e creatividade dos nenos e nenas. Poñer en práctica técnicas de reutilización e reciclaxe de materiais entre os estudantes

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.



7.2. Xogar sen xoguetes

Obxectivos: Tomar conciencia de que poden xogar sen xoguetes. Aprender xogos sinxelos para o desenvolvemento dos sentidos. Ser conscientes de que para divertirse non son necesarios os xoguetes. Transmitirlles ás e aos menores xogospedagóxicos que favorecen o seu desenvolvemento físico e psíquico. Capacitar os nenos e nenas para que inventen os seus propios xogos.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.



oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



7.3. Compra de Xoguetes con Criterios Coeducativos

Obxectivos: fomentar actitudes igualitarias a partir dos xogos e xoguetes que escollen as nenas e nenos, fomentando unha compra responsable e crítica fuxindo de artigos estereotipados ou que implique roles de xénero sexistas. Analizar de maneira directa exemplos de publicidade de xogos e xoguetes: anuncios de TV, catálogos impresos...

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.



A CORUÑA Y O CONSUMO

Consumo Educa Coruña 2019-2020

ANEXO I

Clasificación de obradoiros por ciclos educativos

✓ Educación infantil



1. Nutrición e dieta equilibrada (Alimentación)
2. Alimentos ecolóxicos (Alimentación)
3. Froitas e verduras (Alimentación)
4. Consumo de auga no fogar (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
5. Don R que R: o xogo dos envases (Consumo consciente, colaborativo e responsable).
6. Comercio de proximidade (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
7. Os nosos sentidos e o consumo (Publicidade)
8. Seguridade dos produtos: material escolar (Compras seguras)
9. Construción de xoguets (Os menores e o consumo)
10. Xogar sen xoguets (Os menores e o consumo)
11. Compra de xoguets con criterios coeducativos (Os menores e o consumo)

✓ Educación primaria



1. Nutrición e dieta equilibrada (Alimentación)
2. A lista da compra (Alimentación)
3. Desperdiciode alimentos (Alimentación)
4. Alimentos ecolóxicos (Alimentación)
5. Froitas e verduras (Alimentación)
6. Consumo de auga no fogar (Consumo consciente, colaborativo e responsable)

7. Don R que R: o xogo dos envases (Consumo consciente, colaborativo e responsable).
8. Consumo ecolóxico (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
9. Comercio xusto (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
10. Comercio de proximidade (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
11. Os nosos sentidos e o consumo (Publicidade)
12. A publicidade dos alimentos (Publicidade)
13. Seguridade dos produtos: material escolar (Compras seguras)
14. Comprar un xoguete (Compras seguras)
15. Seguridade no fogar (Compras seguras)
16. Comercio electrónico (Novas tecnoloxías)
17. Construción de xoguetes (Os menores e o consumo)
18. Xogar sen xoguetes (Os menores e o consumo)
19. Compra de xoguetes con criterios coeducativos (Os menores e o consumo)

✓ **E.S.O**



1. Nutrición e dieta equilibrada (Alimentación)
2. Alimentos funcionais (Alimentación)
3. Etiquetaxe alimentaria (Alimentación)
4. A lista da compra (Alimentación)
5. Desperdiciode alimentos (Alimentación)
6. Alimentos ecolóxicos (Alimentación)
7. Consumo ecolóxico (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
8. Comercio xusto (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
9. Comercio de proximidade (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
10. Economía circular (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
11. Reclamar na OMIC (Dereitos e deberes das persoas consumidoras)
12. Os dereitos das persoas consumidoras (Dereitos e deberes das persoas consumidoras)
13. Publicidade nos medios (Publicidade)
14. Publicidade verde (Publicidade)
15. A publicidade dos alimentos (Publicidade)
16. Comprar un xoguete (Compras seguras)
17. A seguridade no fogar (Compras seguras)
18. Redes sociais (Novas tecnoloxías)
19. Comercio electrónico (Novas tecnoloxías)
20. Seguridade na internet (Novas tecnoloxías)



oficina municipal de
información ao consumidor

OMIC



Bacharelato



1. Nutrición e dieta equilibrada (Alimentación)
2. Alimentos funcionais (Alimentación)
3. Etiquetaxe alimentaria (Alimentación)
4. Desperdicio de alimentos (Alimentación)
5. Alimentos ecolóxicos (Alimentación)
6. Consumo ecolóxico (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
7. Comercio xusto (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
8. A banca ética (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
9. Comercio de proximidade (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
10. Economía circular (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
11. Reclamar na OMIC (Dereitos e deberes das persoas consumidoras)
12. Os dereitos das persoas consumidoras (Dereitos e deberes das persoas consumidoras)
13. Publicidade nos medios (Publicidade)
14. Publicidade verde (Publicidade)
15. A publicidade dos alimentos (Publicidade)
16. Redes sociais (Novas tecnoloxías)
17. Comercio electrónico (Novas tecnoloxías)
18. Seguridade na internet (Novas tecnoloxías)



Ciclos formativos



1. Nutrición e dieta equilibrada (Alimentación)
2. Alimentos funcionais (Alimentación)
3. Etiquetaxe alimentaria (Alimentación)
4. Desperdicio de alimentos (Alimentación)
5. Alimentos ecolóxicos (Alimentación)
6. Consumo ecolóxico (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
7. Comercio xusto (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
8. A banca ética (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
9. Comercio de proximidade (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
10. Economía circular (Consumo consciente, colaborativo e responsable)
11. Reclamar na OMIC (Dereitos e deberes das persoas consumidoras)

12. Os dereitos das persoas consumidoras (Dereitos e deberes das persoas consumidoras)
13. Publicidade nos medios (Publicidade)
14. Publicidade verde (Publicidade)
15. A publicidade dos alimentos (Publicidade)
16. Redes sociais (Novas tecnoloxías)
17. Comercio electrónico (Novas tecnoloxías)
18. Seguridade na internet (Novas tecnoloxías)

Nota: Todos os talleres poderán ser adaptados para alumnos con diversidade funcional para grupos de educación especial.